

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 27 DE MARZO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación galegas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2014, cofinanciado polo Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, por importe dun millón de euros (1.000.000euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva da orde de convocatoria de nove bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2014, 2015 e 2016, por un importe total de douscentos trece mil oitocentos corenta euros (213.840euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Rof Codina para a execución de infraestruturas científicas cofinanciadas polo Feder. Construción do Centro de Biomedicina e Veterinaria (Cebiovet) no Campus Universitario de Lugo, por un importe total de catro millóns catrocentos oitenta e tres mil trescentos oitenta e nove euros con noventa céntimos (4.483.389,90 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades. Importe total: setecentos trinta e un mil trescentos noventa e oito euros (731.398euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Fademga FEAPS Galicia) para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias e o mantemento de Fademga FEAPS Galicia. Importe total: trescentos trinta e oito mil trescentos cinco euros (338.305euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas Galicia (FAXPG) para a realización do programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da federación. Importe total: seiscentos noventa mil cincocentos noventa e dous euros (690.592euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (Feafes-Galicia) para o financiamento dos seus programas

dirixidos ás persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da entidade. Importe total: cincocentos vinte e un mil setecentos corenta e oito euros (521.748euros).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) para o financiamento de programas de atención ambulatoria, de rehabilitación funcional e inserción social de persoas con dano cerebral adquirido e o mantemento da federación e das entidades federadas. Importe total: cento sesenta e sete mil setecentos catorce euros (167.714euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) para o financiamento de programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual coa síndrome de Down, en situación de dependencia, e ás súas familias e o mantemento da federación, cun importe total de catrocentos dez mil trescentos un euros (410.301euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (Federación Aspace Galicia), para o financiamento do programa de respiro familiar e o mantemento da entidade. Importe: vinte e cinco mil euros (25.000euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (Autismo Galicia), para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias, en Galicia, e para o mantemento da federación e das entidades federadas. Importe: cento vinte e tres mil sesenta e un euros (123.061euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec) para o financiamento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de

enfermidades raras e crónicas e o mantemento da federación durante o ano 2014. Importe: dezaoito mil cincocentos euros (18.500euros).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación de Parapléxicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym) para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia. Importe: trinta e cinco mil oitocentos vinte e sete euros (35.827euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Federación de Razas autóctonas de Galicia (Boaga) para continuar coa execución de determinadas actividades definidas no programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zooloxía autóctonos de Galicia en perigo de extinción, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), por un importe total de seiscentos cinco mil euros (605.000euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA, CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de inspección turística da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.
- Informe sobre o Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (PIC).
- Informe anual de seguimento (ano 2013) da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a licitación do centro de saúde de Tui.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DIRECTOR DE REDE NATURA 2000 DE GALICIA E DECLARA ZONAS DE ESPECIAL CONSERVACIÓN OS 59 LIC EXISTENTES NA COMUNIDADE

- *O obxectivo do plan é manter ou restablecer un estado de conservación favorable dos hábitats e da flora e fauna, tendo en conta as exixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais*
- *Dos 59 LIC, 49 espazos adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e catro á mediterránea, posuíndo seis espazos incluídos en ambas rexións: Os Ancares-O Caurel, Río Cabe, Baixa Limia, Macizo Central, Río Támega e Veiga de Ponteliñares*
- *En canto ás especies ameazadas, o catálogo galego inclúe un total de 162 especies vulnerables ou en perigo de extinción*
- *O sistema de zonificación establece tres áreas: zona 1, de protección; zona 2, de conservación; e zona 3, de uso xeral*
- *A Rede Natura 2000 permite á poboación dispor dun instrumento que regula os usos e as actividades comúns en toda a rede e facilita a actividade dos axentes económicos e sociais que viven ou operan nela*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o Plan director de Rede Natura 2000 de Galicia e declarou zonas de especial conservación (ZEC) os 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) existentes na Comunidade Autónoma, e informou sobre o correspondente plan de xestión destes espazos, no que se precisan os usos e actividades autorizables e prohibidas.

Trátase dun plan de ordenación dos recursos naturais de todos os espazos incluídos na Rede Natura 2000 de Galicia. O plan define un programa de medidas encamiñado a harmonizar a conservación dos hábitats e especies cos usos e aproveitamentos necesarios para garantir o desenvolvemento dos habitantes do territorio incluído na Rede Natura 2000.

O obxectivo do plan é manter ou restablecer un estado de conservación favorable dos hábitats naturais e das especies de flora e fauna de interese para a conservación, tendo en conta as exixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.

Ámbitos

O ámbito territorial do Plan director corresponde ás 59 ZEC (zonas de especial conservación), que ata hoxe eran lugares de importancia comunitaria (LIC), e ás 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA).

O conxunto de espazos da Rede Natura 2000 abrangue unha superficie total de 389.565,9 hectáreas, das que 34.990,3 corresponden a medios mariños e 354.575,6 a



medios terrestres, o que supón o 12% da superficie continental galega. Dos 59 LIC, e de acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 49 espazos adscribíense exclusivamente á rexión bioxeográfica atlántica e catro á mediterránea, seis espazos posúen superficies incluídas en ambas as rexións: Os Ancares-O Caurel, Río Cabe, Baixa Limia, Macizo Central, Río Támega e Veiga de Ponteliñares.

Dentro do ámbito territorial do plan, ademais, conflúen outro tipo de figuras de espazos naturais protexidos, tales como un parque nacional, parques naturais, monumentos naturais e zonas húmidas protexidas, entre outros.

Fauna e flora

Galicia é unha das áreas da rexión atlántica europea con maior grao de diversidade de especies de fauna e flora silvestre. No que se refire á flora, destacan algas, liques, briófitos, fentos e flora vascular; e en relación á fauna, constan invertebrados, peixes mariños e continentais, anfibios, réptiles mariños e terrestres, aves e mamíferos mariños e terrestres.

En canto ás especies ameazadas, o catálogo galego inclúe un total de 162 especies vulnerables ou en perigo de extinción.

Hábitats

A Directiva 92/43/CEE, do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, engloba 231 tipos de hábitats catalogados como de "interese comunitario". Corresponden a sistemas ameazados de desaparición que presentan unha área de distribución reducida ou constitúen exemplos representativos de características típicas dunha determinada rexión bioxeográfica. Dentro deles, os hábitats prioritarios serían aqueles ameazados de desaparición e cuxa conservación supón unha especial responsabilidade. En Galicia están presentes 72 tipos de hábitats de interese comunitario (o 31,1% do total), dos cales 18 son considerados como prioritarios (25% do total).

Zonificación

A zonificación amosa diferenzas territoriais en relación coa distribución dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural e, en consecuencia, reflicte a diferente capacidade de carga ecolóxica para o desenvolvemento ou regulación de determinadas actividades.

O sistema de zonificación proposto recolle polo tanto tres zonas, unha área de protección (zona 1) sobre territorios cun valor de conservación moi alto; unha área de conservación (zona 2) que inclúe territorios cun valor de conservación alto e medio, pero que se integran nun territorio cun nivel importante de humanización; e por último, unha área de uso xeral (zona 3), que abrangue territorios cun valor de conservación medio ou



baixo. Inclúense tamén dentro desta zona as áreas cun importante nivel de urbanización, igualmente afastado dos parámetros que caracterizan os asentamentos e núcleos rurais tradicionais, así como grandes áreas destinadas ao uso público.

Medidas de xestión

A Rede Natura 2000 inclúe superficies de 215 concellos de Galicia e, ademais de dar cumprimento á normativa de conservación, permite á poboación residente dispor dun instrumento que regula os usos e as actividades comúns en toda a rede e facilita a actividade dos axentes económicos e sociais que viven ou operan nela. En canto ao establecemento das medidas de xestión, o Plan director articula as súas directrices e normativas de xestión en tres niveis: medidas e normativa xeral, medidas e normativas por compoñentes e normativa zonal.

1. Medidas e normativa xeral

O primeiro nivel corresponde coas medidas e normativa xeral de ordenación e xestión que marca os obxectivos xerais de conservación dos espazos protexidos da Rede Natura.

O Plan director prevalecerá sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física, e constituirá un límite para os ditos instrumentos. As actuacións, plans ou programas sectoriais só poderán contradicir ou non acoller o contido do Plan director por razóns imperiosas de interese público.

2. Normativa xeral para cada un dos compoñentes

Neste segundo nivel desenvólvese a normativa xeral para cada un dos compoñentes que conforman os espazos protexidos; defínense, en consecuencia, obxectivos, directrices e normas de aplicación das principais actividades e proxectos elaborados a partir da lexislación sectorial vixente. A normativa por compoñentes inclúe un primeiro grupo denominado medio físico. Nun segundo grupo inclúense os compoñentes da biodiversidade, que abranguen a paisaxe, os hábitats e as especies. Finalmente, inclúese a normativa xeral respecto dos usos.

3. Normativa zonal

O terceiro nivel vén marcado pola normativa zonal, de modo que para cada unha das unidades de zonificación exista un réxime específico de ordenación e xestión. Os posibles usos e aproveitamentos terán a consideración de permitidos, autorizables e prohibidos en función da súa incidencia sobre os valores naturais.

Considérase uso permitido calquera actividade compatible cos obxectivos da declaración dos espazos protexidos. Pode, polo tanto, desenvolverse sen limitacións especiais, ben na súa totalidade, ou ben nas áreas onde a categoría de zonificación así o permita.



Considérase uso autorizable aquel uso que, baixo determinadas condicións, é compatible con obxectivos de conservación. Conservación da Natureza avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizala tras asegurarse de que non causará prexuízo sobre a integridade do espazo ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade.

Por último, considérase uso prohibido aquel contrario aos obxectivos de conservación da rede, o que comporta unha afección significativa.



SANIDADE AXILIZA OS TRÁMITES PARA A AUTORIZACIÓN DE CENTROS, SERVIZOS E ESTABLECEMENTOS SANITARIOS

- ***Establécese un novo sistema de tramitación sen necesidade de visita previa da Inspección,***
- ***A solicitude poderá realizarse por medios electrónicos e ampliase a vixencia da autorización, entre outras melloras***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 12/2009, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios. A Consellería de Sanidade simplifica desta forma os trámites para os profesionais sanitarios que exerzan a súa profesión no ámbito privado.

En concreto, establécese un novo sistema de tramitación das autorizacións de funcionamento dos centros, servizos e establecementos sanitarios que correspondan a un único profesional, sen complexidade ou polivalentes, e para os centros de recoñecemento médico en que non será necesaria a visita previa da Inspección Sanitaria para obter a autorización sanitaria, baseándose, inicialmente, na documentación obrigatoria presentada polo interesado e na propia declaración responsable. A Inspección de Servizos Sanitarios realizará as visitas de control que considere convenientes en virtude da programación que se realice con carácter anual ou plurianual.

Destaca igualmente a tramitación por medios electrónicos, o cal simplifica o procedemento administrativo de autorización. Neste senso, establecerase un formulario electrónico accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia que os interesados deberán cubrir achegando ademais por vía electrónica a documentación requirida na normativa vixente.

Ademais, as modificacións no decreto recollen que se amplía a vixencia da autorización dos centros e servizos sanitarios, que pasa de 8 a 10 anos. Así mesmo, os centros ou servizos que correspondan a un único profesional, sen complexidade, non precisarán da visita da Inspección de Servizos Sanitarios con carácter previo ao inicio ou reinicio da actividade, pero si un informe baseado na declaración responsable do titular ou representante legal e na documentación complementaria. Este mesmo réxime será utilizado en establecementos sanitarios e centros de recoñecemento médico.

Os cidadáns van poder beneficiarse da modificación da normativa de centros, servizos e establecementos sanitarios, en que poderán acceder aos servizos que ofrezan os profesionais no ámbito privado con maior celeridade, mantendo ao mesmo tempo a garantía e a seguridade de que os servizos se prestan nas debidas condicións, axustadas á normativa vixente.



A XUNTA INCREMENTA MÁIS DUN 5 POR CENTO AS AXUDAS PARA AS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *As axudas tentan garantirlles ás mulleres vítimas da violencia de xénero unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor*
- *O ano pasado un total de 286 mulleres foron perceptoras destas axudas, que varían entre os 300 e 800 euros ao mes*
- *A Vicepresidencia da Xunta -competente en materia de Igualdade- deu conta no Consello de hoxe do informe anual 2013 de violencia de xénero en Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe establecer as bases e convocar para este ano as axudas económicas de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero establecidas na Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O Goberno galego reforza esta liña de apoio económico ás vítimas cun incremento de máis dun 5 por cento con respecto ao período anterior, polo que, en total, o Goberno galego destinará máis de 1,9 millóns de euros para este exercicio 2014-2015.

As axudas intentan garantirlles ás mulleres vítimas da violencia de xénero unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que as posibiliten a dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades. O importe das axudas varían entre 300 e 800 euros ao mes, en función dos ingresos da beneficiaria, e dos fillos/as menores e menores en acollida a seu cargo, e de circunstancias de discapacidade.

Os requisitos para optar a estas axudas son ser muller maior de idade ou emancipada vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia; ter cesado esta convivencia co agresor dentro dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude; percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente; estar empadroadada e residir en Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.

Ademais, tamén se exige non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda de pagamento único establecida na Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero para mulleres que, debido á súa idade, falta de preparación ou circunstancias sociais, teñan dificultades para obter un emprego e pola dita circunstancia non participen nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.



Perfil das beneficiarias do ano pasado

O pasado ano 286 mulleres vítimas de violencia residentes en Galicia, a totalidade das que cumprían os requisitos da convocatoria, percibiron esta modalidade de axudas. Delas, un 81,5 por cento eran de nacionalidade española e o restante estranxeiras.

Por provincias, A Coruña e Pontevedra encabezan a listaxe con 104 perceptoras de axudas cada unha das provincias, seguida de Lugo, con 44, e Ourense, con 34. O perfil de idade maioritario é o de mulleres no rango de 26 a 45 anos, que representa o 69 por cento do total. Hai 173 beneficiarias que son nais e 20 que teñen algunha discapacidade.

Informe anual 2013 violencia de xénero

Ademais, deuse conta ao Consello da Xunta da presentación do Informe anual 2013 de violencia de xénero en Galicia ao Parlamento de Galicia atendendo así o cumprimento establecido na Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que obriga a remitirle anualmente á Cámara galega un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia, que conta coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da violencia contra as mulleres e que reflicte que o ano pasado houbo un total de 658 adxudicatarias de ordes de protección, das que, segundo as provincias, o maior número de ordes de protección solicitadas foi en Pontevedra con 398, seguida da Coruña con 285, Ourense con 242 e Lugo con 142.

Desde a Secretaría Xeral da Igualdade, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar, ofertáronse 26 prazas aos menores dependentes de mulleres vítimas de violencia de xénero. Na convocatoria de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, 13 foron beneficiarias desta axuda para o desenvolvemento de programas dirixidos a vítimas de violencia de xénero, por un importe total de máis de 86.000 euros. Na convocatoria de axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres foron beneficiadas cinco asociacións por un importe total de preto de 13.000 euros.

No ámbito da prevención, 654 alumnas e alumnos de diferentes centros educativos de Galicia participaron nos obradoiros didácticos que acompañan a exposición "Cartas de amor", unha mostra do cómic galego sobre violencia de xénero; e outros 631 nenos e nenas participaron nun programa de terapia ocupacional dirixido a eliminar riscos cognitivos e de embotamento afectivo das persoas menores que sofren a violencia directa ou indirectamente, así como a mellorar a súa capacidade de autocontrol e de xestión das frustracións. Este último programa desenvolveuse en 30 concellos galegos adheridos á Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Fegamp en 2012.



Durante o ano 2013, a Secretaría Xeral da Igualdade desenvolveu diferentes actividades formativas destinadas a diferentes colectivos, como o persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o persoal ao servizo da Administración de xustiza, médicos forenses e psicólogos dos equipos psicosociais do Instituto de Medicina Legal (Imelga), o persoal das entidades locais, profesionais do ámbito sanitario e voluntariado específico para acompañar as vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos.

Ademais, levouse a cabo o programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores, así como outras persoas dependentes que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, mediante un convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía, cun orzamento de 120.000 euros. No ano 2013 beneficiáronse deste programa 323 persoas (221 mulleres, 88 menores e 18 persoas dependentes) e participaron na intervención 73 profesionais da psicoloxía.

Tamén se seguiu a desenvolver o Programa 'Abramos o círculo', de atención psicolóxica especializada e de apoio dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia e que desexan adquirir novos modos de comportamento exentos de agresividade, no cal participaron 79 homes (25 máis que o pasado ano).

Ademais, no Consello da Xunta do 11 de xullo de 2013 aprobouse o acordo de protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero, polo que a Asesoría Xurídica da Xunta solicitou en 2013 a personación nos dous casos das mortes de mulleres por violencia de xénero acontecidos en Verín e Marín, que xa foi aceptada polos correspondentes xulgados competentes.



GALICIA CONTARÁ POR PRIMEIRA VEZ CUN REGULAMENTO DE ESTRADAS PROPIO E ADAPTADO Á REALIDADE GALEGA

- *Na actualidade estase a aplicar supletoriamente o Regulamento de estradas do Estado, mentres que o novo texto terá en conta as peculiaridades e singularidades de Galicia, como a dispersión poboacional e os núcleos rurais*
- *Con este documento permitiráselles ás administracións titulares unha xestión segura e adecuada do dominio público viario e garantirase unha atención máis sensibilizada aos afectados polas obras.*
- *Brindarase unha maior transparencia, especialmente polo aumento dos proxectos que deberán ser sometidos ao trámite de información pública*
- *O proxecto de regulamento estrutúrase en cinco títulos, con 202 artigos, tres disposicións adicionais, unha transitoria, outra derogatorio e tres disposicións derradeiras*

Galicia contará por primeira vez cun regulamento de estradas propio e galego antes do verán de 2015. O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

A Xunta de Galicia inicia os trámites para dispor deste regulamento, ao mesmo tempo que se da cumprimento ao recollido na Lei de estradas de Galicia (Lei 8/2013, do 28 de xuño), que entrou en vigor en outubro de 2013. O seguinte trámite que realizar será a publicación do texto do proxecto de regulamento na páxina web da consellería, que se prevé para principios do mes de abril.

Grazas a este novo documento, Galicia contará cun novo réxime xurídico das estradas autonómicas e locais baseado en tres obxectivos fundamentais:

1. Ter en conta as peculiaridades e singularidades de Galicia (dispersión e abundancia de núcleos de poboación, existencia de núcleos rurais, presenza dunha gran cantidade de travesías, núcleos de poboación e edificacións illadas nas marxes das estradas, gran densidade das diferentes redes de estradas e camiños públicos,...).
2. Permitir ás correspondentes administracións titulares unha actuación en condicións óptimas para asegurar a adecuada xestión e protección do dominio público viario.
3. Salvagardar o interese da cidadanía, nas súas relacións coa Administración neste ámbito.



Trátase de contar con instrumentos normativos que lles permitan ás administracións xestionar nas mellores condicións posibles as redes de estradas de titularidade autonómica e local, tendo en conta as peculiaridades da Comunidade.

Novidades

O proxecto de Regulamento de estradas de Galicia desenvolve a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, texto legislativo que contén unha serie de novidades, como unha maior transparencia, especialmente polo aumento dos proxectos que deberán ser sometidos ao trámite de información pública.

Tamén ten en conta a singularidade da existencia de núcleos rurais en Galicia. Así, amplía a consideración de treitos urbanos aos terreos clasificados como núcleos rurais, sempre que contén con aliñacións no planeamento urbanístico. O proxecto de regulamento desenvolve o procedemento para recoñecer estes treitos como urbanos.

Establece mecanismos de aforro para a Administración en materia de expropiacións, ao mesmo tempo que se compatibiliza cun beneficio para o cidadán, xa que permite que, cando o propietario así o solicite, se expropie unicamente o terreo revertendo o aproveitamento urbanístico no resto da parcela que non se expropie, sempre e cando o planeamento urbanístico o permita. Deste xeito, o particular mantería os seus dereitos urbanísticos e a Administración aforraría no custo da expropiación.

Permite unha atención máis sensibilizada aos afectados polas obras. A lei do ano 94 unicamente recolle expresamente a posibilidade de indemnizar os propietarios de bens e dereitos afectados pola vía da expropiación forzosa (a Administración toma os bens do particular e, posteriormente, indemnízao), o cal obriga os propietarios, cando queiran repoñer inmediatamente os seus bens afectados, a adiantar o investimento necesario para a súa reposición. En consecuencia, a Lei 8/2013 habilita a posibilidade de que a Administración repoña directamente os bens afectados polas obras de estradas en lugar da indemnización ao afectado.

Por último, presenta maior seguridade xurídica ao cidadán: homoxeneiza as distancias ás que se establece a liña límite de edificación nas estradas convencionais, con independencia do tipo de rede en que se inclúa a dita edificación; e racionaliza o uso dos terreos lindeiros: reordena o catálogo de actividades e usos permitidos nas zonas de protección da estrada, en combinación con futuros desenvolvementos, e permite máis usos que na situación actual.

Estrutura

O proxecto de regulamento garda unha estrutura similar á Lei de estradas de Galicia, xa que se ordena en cinco títulos, con 202 artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.



O título I estrutúrase en catro capítulos que regulan o obxecto e ámbito de aplicación do Regulamento e a definición do concepto de estradas, as distintas clases de estradas, as definicións necesarias para a correcta interpretación do resto do texto regulamentario e, por último, todo o relacionado coa titularidade das estradas e cos seus cambios de titularidade.

A continuación, o título II contén as disposicións relativas aos aspectos de planificación e proxección das estradas. Os seus tres capítulos dedícanse, respectivamente, ao Plan director de estradas de Galicia e aos plans sectoriais de estradas, que se instauran como os instrumentos técnicos e xurídicos de planificación sectorial de estradas, os estudos e proxectos de estradas e, por último, a coordinación entre a planificación sectorial de estradas e os distintos documentos de ordenación do territorio e urbanística, así como con outras administracións.

Neste título II, categorízanse as estradas segundo a súa funcionalidade (rede estruturante, rede complementaria e rede local), o que servirá de base para a planificación das actuacións para acometer nas diferentes redes de distintas titularidades.

En relación co título III, contén as disposicións relativas aos aspectos de construción, financiamento e explotación das estradas. Nos seus tres capítulos aborda os mecanismos e procedementos para a construción das estradas, as diversas fontes de financiamento das actuacións e a explotación das estradas e do resto de elementos que compoñen o dominio público viario.

O título IV contén, nos seus cinco capítulos, as disposicións relativas á protección do dominio público viario, segundo un esquema que establece, á parte da zona de dominio público, unha serie de zonas para a súa protección (de servidume e de afección), así como a liña límite de edificación. A continuación, e segundo a zonificación anterior, regula os usos autorizables en cada caso, inclúe as posibilidades de uso público da zona de servidume e establece tanto o procedemento para o outorgamento das correspondentes autorizacións como as condicións particulares de cada cunha delas. Por último, inclúense tamén unha serie de medidas para que a Administración poida protexer adecuadamente a legalidade viaria, de xeito compatible co réxime sancionador que se desenvolve no título V.

Por último, o título V contén o conxunto de disposicións de desenvolvemento que regulan o réxime sancionador. Nos seus tres capítulos regúlanse as infraccións, as sancións que lles corresponden e, por último, o procedemento sancionador en materia de estradas, no que se refire á imposición de multas polas infraccións cometidas e á obriga de restitución e reposición das cousas ao seu estado anterior.



A XUNTA DESTINA 1 MILLÓN DE EUROS A IMPULSAR AS EXPORTACIÓNS DAS PEMES GALEGAS A MÁIS DE 50 MERCADOS MEDIANTE O PLAN FOEXGA

- ***A Consellería de Economía e Industria incrementa do 60% ao 90% a porcentaxe de apoio ás empresas que participan nas actuacións promovidas no marco do plan en colaboración coas cámaras de comercio***
- ***Mediante esta iniciativa promóvense as misións empresariais en mercados prioritarios, a acollida de empresarios que visitan Galicia con interese comercial e a presenza das empresas galegas en grandes feiras internacionais***
- ***O plan complementa os servizos de apoio que se achegan a través da Rede Pexga, á cal a Consellería de Economía e Industria destina 2 millóns de euros en 2014***
- ***Galicia acadou en 2013 un novo récord histórico exportador, sumando 18.419 millóns de euros en vendas ao exterior***

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola internacionalización do tecido empresarial galego como un dos piares do crecemento económico, destina un millón de euros ao Plan de fomento das exportacións galegas (Foexga), que este ano impulsará os avances das empresas da comunidade en máis de 50 mercados exteriores en colaboración coas cámaras de comercio.

No marco do convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Foexga impulsará tanto a posta en marcha de misións empresariais en mercados prioritarios como as accións de acollida de misións de países que visitan Galicia con intereses comerciais, así como a presenza das empresas galegas en grandes feiras internacionais. A Consellería de Economía e Industria, dentro do importante esforzo que está a realizar para impulsar a internacionalización das pemes galegas, incrementa este ano do 60% ao 90% a porcentaxe de apoio ás empresas que participen nas actuacións previstas no marco do plan, que se espera cheguen a medio milleiro.

O Plan Foexga, que incide na cooperación entre as empresas galegas como panca para a súa chegada a novos mercados, complementa os servizos de apoio que achega a Rede Pexga, á cal a Consellería de Economía e Industria destina 2 millóns de euros en 2014 co obxectivo de consolidar o importante labor desempeñado ata o de agora, así como aos diferentes programas postos en marcha cada ano a través do Igape para promover a internacionalización.

Este traballo, xunto co esforzo das empresas galegas, ten contribuído a que Galicia acadase en 2013 un novo récord histórico exportador, que suma 18.419,6 millóns de euros en vendas ao exterior, e a que o peso das exportacións sobre o PIB de Galicia pasara dun 27% a un 33% nos últimos cinco anos. Sobre esa base, o Goberno galego propónse como nova meta que as vendas ao exterior supoñan o 38% do PIB da Comunidade en 2020.



Os mercados de especial interese para o Foexga 2014 son os de Alemaña, Angola, Arabia Saudita, Alxeria, Arxentina, Austria, Bélxica, Brasil, Camerún, Canadá, Chile, China, Colombia, Costa Rica, Croacia, Cuba, Dinamarca, Ecuador, Emiratos, Eslovenia, Finlandia, Francia, Guatemala, Hong Kong, India, Indonesia, Irán, Israel, Italia, Xapón, Kazakhstan, Kuwait, Malaisia, Marrocos, México, Mozambique, Nixeria, Noruega, Nova Zelandia, Panamá, Perú, Portugal, Qatar, Reino Unido, República Dominicana, Romanía, Rusia, Singapur, Sudáfrica, Suíza, Turquía, Uruguai, Estados Unidos e Venezuela.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN MANTÉN O SEU COMPROMISO COA INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA SOBRE O GALEGO COA CONVOCATORIA DE NOVE BOLSAS DE FORMACIÓN EN PROXECTOS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- ***Mantense o número de bolsas convocadas no ano 2013, máis do dobre das que se convocaran no ano 2010***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mantén un ano máis o seu compromiso co avance da investigación lingüística sobre o galego coa convocatoria de nove bolsas de formación en proxectos do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH). As bolsas, que foron aprobadas esta mañá no Consello da Xunta, desenvolveranse entre xullo de 2014 e xuño de 2016 e supoñen manter o apoio da Consellería a esta liña de actuación, co cal non só se mantén o número de bolsas do ano 2013, máis do dobre das catro que se convocaran no ano 2010, senón que se incrementa nunha bolsa máis no cómputo anual de bolseiros.

Xunto coa formación lingüística, a convocatoria destas bolsas tamén oferta actividades de formación literaria, histórica e antropolóxica de Galicia e está dirixida a licenciadas e licenciados universitarios, polo que contribúe á especialización na súa formación académica, profesional e investigadora. As persoas bolseiras desenvolverán a súa actividade formativa no marco de diferentes liñas de traballo que ten postas en marcha o centro para potenciar a investigación da lingua galega, concretamente, nos proxectos 'Bibliografía da literatura galega', 'Fraseoloxía', 'Corpus de referencia do galego actual (Corga)', 'Etiquetador/lematizador do galego actual (Xiada)', 'Terminoloxía científico-técnica (Termigal)', 'Síntese de voz en galego', 'Base de datos do ALIR', 'Cantigas de Santa María' e 'Prosa literaria medieval'.

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

O CRPIH é un referente de recoñecido prestixio a través do que a Secretaría Xeral de Política Lingüística está a contribuír de forma directa ao desenvolvemento da investigación lingüística, literaria e humanística sobre o galego. Os seus proxectos elaboran recursos imprescindibles que lle dan resposta ás necesidades do conxunto da sociedade e ás de consulta e utilización dos profesionais do ámbito da investigación, así como ás do público en xeral.

Foi creado pola Xunta de Galicia o 11 de febreiro de 1993 e -segundo o ronsel da preocupación pola investigación sobre o galego do intelectual que lle dá nome, Ramón Piñeiro-traballa en diversos proxectos que inciden no estudo filolóxico e de conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas e que permiten unha investigación en profundidade da historia lingüística e literaria do galego.



No seo do CRPIH desenvolve o seu labor o Servizo de Terminoloxía Galega (Termigal), un proxecto no que colaboran a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a RAG para garantir a actualización léxica do galego e asegurar a viabilidade do seu uso en todas as áreas da vida pública.

Actualmente, o CRPIH ten en marcha arredor dunha vintena de proxectos de investigación. Na área de lingua, avánzase no corpus de referencia do galego actual (Corga), no CoToVía, na bibliografía informatizada da lingua galega (Bilega), no Corpus documentale latinum gallaeciae (Codolga) ou na liña de investigación de fraseoloxía galega.

Na área de literatura hai proxectos orientados á literatura medieval, coma o arquivo Galicia Medieval e outros dirixidos ao estudo da literatura galega contemporánea, como o de bibliografía da literatura galega, o Dicionario xeral de termos literarios, os Informes de literatura, os proxectos de recuperación de narrativa, de poesía ou de revistas dos séculos XIX e XX ou os Cadernos Ramón Piñeiro. Ademais, prodúcense obras de filosofía, de socioloxía, de cine ou de ciencia política.

Formación de investigadores

Unha faceta fundamental do CRPIH é a súa contribución á formación de investigadores. Nos seus 20 anos en funcionamento, pasaron polo CRPIH 427 investigadores diferentes: 290 bolseiros galegos que se formaron participando nos proxectos do Piñeiro e outros 137 bolseiros dos máis diversos países do mundo que estiveron un semestre desenvolvendo traballos de investigación propios asesorados polos directores de proxectos semellantes aos seus do centro de investigación. Moitos destes bolseiros son hoxe doutores, profesores universitarios ou docentes no ensino medio e, desde os seus postos actuais, continúan a ofrecer importantes contribucións ao coñecemento sobre a lingua e a literatura galegas.

Máis información sobre o CRPIH e os proxectos que se desenvolven nel no web <http://www.cirp.es>.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN ROF CODINA DESTINARÁN PRETO DE 4,5 MILLÓNS DE EUROS EN 2014 E 2015 AO NOVO CENTRO DE BIOMEDICINA E VETERINARIA

- ***As novas instalacións será únicas en España e reforzarán a posición do Hospital Veterinario Universitario da fundación como centro de referencia na investigación en biomedicina e veterinaria***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o investimento de preto de 4,5 millóns de euros en 2014 e 2015 na construción do novo Centro de Investigación en Biomedicina e Veterinaria (Cebiovet) do Campus Universitario de Lugo. Estas instalacións, que serán únicas en España no relativo a animais grandes e medianos, reforzarán a posición do Hospital Veterinario Universitario da Fundación Rof Codina (HVU-RC) – vencellado á Universidade de Santiago de Compostela- como centro de referencia na investigación nestas materias.

O novo centro vai contar con todos os estándares para que nel se poidan facer traballos en colaboración con calquera empresa ou centro investigador, xa que as súas instalacións van estar de acordo coa última normativa reguladora das características que deben ter os centros en que se realiza investigación con animais - ano 2013-; unhas condicións de calidade que, neste momento, teñen moi poucos centros deste tipo en Europa.

O Cebiovet nace con tres obxectivos fundamentais. Por unha parte garantir a renovación da acreditación europea da Facultade de Veterinaria do campus de Lugo no ano 2018, na que o Hospital Rof Codina xoga un importante papel, como responsable da ensinanza práctica do alumnado da facultade. En segundo lugar, busca dar resposta ás crecentes demandas dos grupos de investigación da facultade e do campus, tendo en conta que a provincia de Lugo conta cunha salientable actividade investigadora vinculada a sectores como o agrogandeiro. En terceiro lugar búscase a intensificación das relacións entre o Cebiovet e outros centros de referencia, así como entre universidade e empresas relacionadas co sector, contribuíndo ao establecemento de novas colaboracións estratéxicas de gran importancia, co impulso económico que isto supón.

Desta forma a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pon de manifesto o seu compromiso co campus e a provincia de Lugo, apostando polo desenvolvemento da Facultade de Veterinaria e convertendo Lugo nun polo de desenvolvemento e innovación neste eido, no marco das actuacións propostas pola Xunta de Galicia no Plan Impulsa Lugo para a potenciación dunha maior presenza da actividade investigadora lucense. Ademais, o Cebiovet é un novo paso na estratexia da



consellería de impulso da investigación e da especialización do sistema universitario de Galicia.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

BENESTAR INVISTE 3 MILLÓNS DE EUROS EN FINANCIAR O MANTEMENTO DE ENTIDADES DE DISCAPACIDADE QUE CHEGAN A MÁIS DE 100.000 PERSOAS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe 10 convenios de colaboración para axudar o financiamento e o mantemento de programas que prestan estas asociacións*
- *Preto de 3 millóns son os que se destinan a entes adscritos a Cermi-Galicia: Autismo Galicia, Cogami, Down Galicia, FAXPG, Feafes-Galicia, Fegadace, e Fademga-Feaps*
- *Hoxe tamén se autorizaron os acordos con Fegerec, Aspaym e Aspace por valor de preto de 80.000 euros*
- *Con este investimento cúmprese o compromiso adquirido polo Goberno autonómico de blindar o orzamento destinado a este fin*
- *Tamén se segue a dar cumprimento ao novo marco de colaboración pactado con Cermi a finais de 2012, que prevé unha redistribución das axudas en función da representatividade real de cada asociación*

A Consellería de Traballo e Benestar destinará en 2014 preto de 3 millóns de euros a financiar, a través de convenios de colaboración, o mantemento de diversas entidades de persoas con discapacidade, que beneficiarán a máis de 100.000 persoas.

O Consello da Xunta aprobou hoxe dez acordos con este obxectivo. Destes, un total de sete correspóndense con entidades que conforman Cermi-Galicia: Autismo Galicia, Cogami, Down Galicia, FAXPG, Feafes-Galicia, Fegadace e Fademga-Feaps. Ademais, autorizáronse outros tres convenios de asociacións que non forman parte deste organismo: Fegerec, Aspaym e Aspace.

En total, o orzamento destinado aos compoñentes de Cermi acada os 3 millóns, aos que se suman os preto de 80.000 das outras tres entidades.

O apoio ás asociacións é un aspecto fundamental de cara á atención das persoas con discapacidade, especialmente tendo en conta que cada unha delas chega a uns beneficiarios específicos e con programas adaptados ás súas necesidades.

Cada entidade ten distintas actividades segundo o colectivo a que se dirixa, pero en xeral encárganse de: representar, defender e dar visibilidade aos seus asociados; promover a integración social, laboral e a normalización das persoas con discapacidade; favorecer o desenvolvemento e a autonomía deste colectivo e mellorar a súa calidade de vida; orientar e apoiar os seus beneficiarios e tamén os coidadores; promover a formación e a investigación; e desenvolver actividades físicas, de recuperación, rehabilitación, así como de ocio e tempo libre.

En Galicia hai actualmente máis de 212.000 persoas con discapacidade, o que representa en torno ao 12 por cento da poboación.



Orzamento “blindado”

Cabe salientar, ademais, que esta partida vén a cumprir o compromiso adquirido de blindar o financiamento destinado ao mantemento das entidades con discapacidade. É preciso lembrar que nestas contías non están incluídas nin as axudas destinadas ao emprego das persoas con discapacidade, nin o concerto de prazas.

Coa aprobación destes novos convenios séguese tamén a executar o novo marco pactado con Cermi a finais de 2012, que recolle unha redistribución das axudas en función da representatividade real da poboación con discapacidade. Preténdese así evitar situacións como as da discapacidade física, que representaba o 56 por cento da poboación galega con discapacidade pero recibía o 27 por cento dos fondos.

Esta redistribución farase de xeito gradual e consensuado ao longo de toda a lexislatura. Cada ano páctase a repartición do seguinte, o que dota o proceso de máis transparencia e permite ás entidades contar cunha maior estabilidade ao coñecer de antemán os fondos dos que disporán.

Investimento en discapacidade

A partida para este colectivo medra este ano ata os 97,2 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,8 por cento. Aumenta non só o orzamento na atención, senón tamén nos programas que buscan unha integración plena e igualdade real. Por iso, os programas de emprego para persoas con discapacidade soben nun 8 por cento, ata os 17,4 millóns de euros en 2014.



MEDIO RURAL E MAR DESTINA 605.000 EUROS A COLABORAR CON BOAGA NO IMPULSO ÁS RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

- *A través do convenio, entre outras tarefas, Boaga continuará co inventariado e a avaliación dos censos das razas autóctonas galegas en perigo de extinción das seguintes especies: bovina (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa), ovina (Ovella Galega), caprina (Cabra Galega) e aviaria (Galiña de Mos)*

O Consello da Xunta acaba de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración da Consellería do Medio Rural e do Mar coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA) para o fomento das razas gandeiras autóctonas en perigo de extinción. A esta colaboración, o departamento que dirixe Rosa Quintana destina 605.000 euros para distribuír nos anos 2014 e 2015, a razón de 302.500 euros anuais. Esta cantidade está cofinanciada a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

A través do convenio, entre outras tarefas, Boaga continuará co inventariado, caracterización e avaliación dos censos das razas autóctonas galegas en perigo de extinción das seguintes especies: bovina (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa), ovina (Ovella Galega), caprina (Cabra Galega) e aviaria (Galiña de Mos). Tamén incrementará o asesoramento na selección e mantemento da variabilidade xenética dos rabaños destas razas, realizará xornadas informativas anuais abertas a todos os criadores e continuará coa divulgación das posibilidades produtivas das razas.

A Consellería facilitará as parcelas, os inmobles e a maquinaria agrícola necesarios do Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia para albergar os rabaños fundacionais das razas e participará na coordinación técnica das actuacións. Tamén custodiará os bancos xenéticos das razas autóctonas, entre outras tarefas. A vixencia desta colaboración é de dous anos e rematará o 15 de outubro de 2015.

Boaga

A Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga) constituíuse en febreiro de 2001 como unha asociación sen ánimo de lucro, cun ámbito de actuación autonómico. Integra a meirande parte dos propietarios de exemplares de razas autóctonas galegas en perigo de extinción e na actualidade está integrada por 7 asociacións de criadores de razas autóctonas galegas en perigo de extinción, mantendo un convenio de colaboración con outra.



O CONSELLO DA XUNTA INFORMA SOBRE O PLAN DE INSPECCIÓN TURÍSTICA PARA O ANO 2014

- *O Plan de inspección turística 2014 establece seis liñas estratéxicas e cinco áreas de especial actuación que se dividen en ámbitos concretos relacionados co especial seguimento, co cumprimento da normativa ou coa defensa dos dereitos dos usuarios turísticos*
- *O Camiño de Santiago será obxecto dun seguimento específico, así como as sete grandes cidades, as zonas costeiras, as comarcas e os concellos turísticos de interior ou a Ribeira Sacra*
- *Este plan é unha das accións para impulsar enmarcada na liña estratéxica relacionada co consenso e a cooperación entre o sector público e privado do Plan integral de turismo de Galicia 2014-2016*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de inspección turística que estará vixente ata finais deste ano 2014. Este plan ten como finalidade primordial protexer as persoas empresarias turísticas, así como as persoas usuarias turísticas, da intrusión profesional e mellorar a calidade do servizo.

A partir deste plan, a Área de Inspección Turística de Turismo de Galicia desenvolverá o seu labor incidindo nas seis liñas estratéxicas de actuación que se desenvolven nel.

De tal xeito que as liñas de actuación se concretan nos seguintes ámbitos:

1. O relacionado co cumprimento da normativa turística e co correcto funcionamento das actividades e servizos turísticos é a primeira liña estratéxica deste plan.
2. O especial seguimento do Camiño de Santiago
3. As actuacións para evitar as actividades e os servizos turísticos clandestinos.
4. Neste plan tamén se recolle un eixe relacionado coa verificación do cumprimento da finalidade de fondos públicos en materia turística mediante as axudas
5. A defensa dos dereitos das persoas usuarias turísticas
6. A información e asesoramento dos dereitos e obrigas das persoas empresarias.

Cada unha das liñas artículanse en varios programas específicos de actuación que formarían o corpo do Plan de Inspección para este ano 2014.

Áreas de especial seguimento

No dito plan tamén se determinan diversas áreas de especial actuación na súa execución determinadas pola importancia e incidencia do sector turístico nesas zonas. Ademais do Camiño de Santiago, as sete grandes cidades da nosa comunidade, as zonas costeiras, os concellos turísticos do interior e a Ribeira Sacra son os lugares establecidos para esas actuacións especiais.



As actuacións e visitas previstas neste plan de inspección realizaranse na totalidade dos establecementos situados na contorna do Camiño Francés, así como ao 100% dos albergues e campamentos de turismo da nosa comunidade. Tamén se incidirá nos establecementos de turismo rural, establecementos hoteleiros, apartamentos e vivendas turísticas e nas axencias de viaxes. O plan prevé ademais a visita a máis de mil establecementos de restauración da comunidade. O plan fixa, xa que logo, un número total de actuacións e visitas que se han levar a cabo en función da tipoloxía de establecemento turístico.

O Plan de inspección sobre o que se informou hoxe no Consello da Xunta está integrado no Plan integral de turismo de Galicia. Así, na acción orientada á xestión relacional e normativa, incluída na sexta liña estratéxica do Plan integral de turismo relativa ao consenso e á cooperación entre o sector público e privado para un marco eficiente e xerador de oportunidades, inclúese unha acción relativa ao establecemento dun plan anual de inspección turística.



A XUNTA DEFINE OS PRINCIPAIS INVESTIMENTOS DA EURORREXIÓN

- ***O Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión constitúe un instrumento eficaz para avanzar no camiño do crecemento intelixente, integrador e sustentable da Estratexia Europa 2020***

O Consello da Xunta informou hoxe das liñas de actuación do recentemente aprobado Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión (PIC), grazas ao cal a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, na cal están integrados o Goberno galego, así como a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal e outros axentes, como a AECT Galicia-Norte de Portugal ou o Eixo Atlántico, fará fronte ao período de programación comunitaria 2014-2020.

O Plan de investimentos recolle as principais liñas de actuación que vai acometer a Eurorrexión, sendo así un instrumento eficaz para avanzar no camiño do crecemento intelixente, integrador e sustentable que a Estratexia Europa 2020 ten trazado.

As liñas principais do Plan de Investimentos son a aplicación da norma comunitaria da concentración, non só nos eixes e nas prioridades senón tamén nos investimentos seleccionados, cunha xerarquización en función das prioridades estratéxicas. O dito plan aposta pola formulación de proxectos realistas que complementen e enriquezan a aplicación das estratexias rexionais en cada un dos espazos de cooperación, combinando así proxectos moi concretos e específicos con outros máis xerais que permitan un certo grao de flexibilidade a sete anos vista.

O plan tamén aposta pola programación integrada, o que implica alcanzar un alto grao de coherencia no uso dos diferentes fondos comunitarios e doutros instrumentos de financiamento, tanto cos programas operacionais rexionais como cos temáticos nacionais. Así mesmo, fai especial fincapé no enfoque aos resultados cun carácter dinámico en canto a proxectos de investimento garantidos pola existencia dunha comisión de seguimento.

Estrutura do PIC

O Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal estrutúrase en catro eixes de traballo, en que o primeiro deles avoga por unha Eurorrexión innovadora que aposta pola investigación e a transferencia, mediante a consolidación e potenciación de polos de investigación que se incardinan na RIS3 (*Research and Innovation Strategies 3*) da Eurorrexión, e potencia a transferencia de resultados ao sector produtivo.

O segundo dos eixes de traballo aposta polo emprego, co obxectivo de converter a Eurorrexión nun territorio atractivo para o investimento produtivo e de fomentar a súa internacionalización económica.



O terceiro eixe céntrase na Eurorexión coma cabeceira en calidade ambiental e patrimonio, mediante a posta en valor e a protección do patrimonio natural e cultural do sistema urbano policéntrico, promovendo a eficiencia dos recursos ambientais. E o cuarto eixe pretende unha Eurorrexión que sexa exemplo en que as súas administracións públicas e as súas institucións estean ao servizo dos cidadáns, promovendo a cooperación transfronteiriza entre administracións públicas como instrumento eficaz para mellorar a calidade de vida da cidadanía.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE LICITA AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE TUI, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 4,8 MILLÓNS DE EUROS

O Servizo Galego de Saúde vai destinar 4.838.465 euros para a execución das obras de construción do centro de saúde de Tui, nunha parcela cedida polo Concello. Esta obra enmárcase na execución do programa operativo Feder Galicia 2007-2013. Para tal efecto, o Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe presentado pola conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera.

Segundo consta no proxecto, o centro de saúde de Tui contará con 22 consultas na área de medicina xeral, catro na área de pediatría, unha área destinada a matrona e educación maternal, unha área de odontoloxía, outra de fisioterapia e salas polivalentes. Na área de administración dispórase dun arquivo, almacéns e outros servizos comúns. Terá, ademais, un punto de atención continuada cunha zona de consultas e de observación.

Este novo centro da rede sanitaria pública galega atenderá unha poboación de máis de 18.000 persoas, terá unha superficie construída de máis de 3.500 metros cadrados, e o seu prazo previsto de execución será de 17 meses.

O novo centro de saúde de Tui suporá que tanto os profesionais como os pacientes e usuarios terán unha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, dándolles unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras das veciñas e veciños deste concello.

